



INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA NA ENTREGA DA MEDALLA DE OURO DE GALICIA 2007

Santiago de Compostela, 25 de xullo de 2007

Autoridades e representacións
Benquerido Isaac,
Señoras e señores,

Boas tardes a todas e a todos.

Esta tarde imos entregarlle a *Medalla de Ouro de Galicia* a un home grande mergullado nun fol pequeno. Un home que aínda non hai moito era definido polo escritor Manuel Rivas como “a persoa máis querida de Galicia”.

Unha persoa que se fai acreedora a un título como ese, quizais o máis fermoso co que se pode agasallar a un galego, merece por forza que Galicia lle faga entrega da súa máis alta distinción.

Isaac Díaz Pardo é, en efecto, unha persoa querida. É querido porque sempre estivo aí, símbolo de continuidade e de permanencia, un pétreo dolmen do camiño vello percorrido e do camiño novo por percorrer, como quería un dos poetas que tanto amou.

Isaac Díaz Pardo sempre estivo aí, ao pé dos seus, disposto a botar unha man, sen facer moito ruído nin pedir nada a cambio.

Tivo moitas ocasións para dicir que non, pero non aproveitou case ningunha.

Puido evitar e evitarse moitos problemas, pero preferiu afrontalos antes que defraudar á súa xente. E a xente de *Isaac* é moita xente. Moita xente que olla, que canta, que camiña, como nos seus cadros e debuxos.

Esa xente, en realidade, configura un pobo enteiro co que *Isaac* comparte un gran anaco da historia contemporánea de Galicia. E interpretando os desexos e os afectos dese pobo que quere a *Isaac* é polo que o Goberno galego decidiu outorgarlle, con todo merecemento, a *Medalla de Ouro de Galicia*.

Isaac é querido, pero tamén é respectado e admirado. Detrás do vello petrucio de figura miuda e aparencia modesta, latexa un corazón vivaz e sensible e funciona unha intelixencia incisiva e enérxica.

Xa se converteu nun lugar común dicir que *Isaac Díaz Pardo* é un home moi polifacético, pero o certo é que non se pode obviar a súa dedicación a tantas actividades, a súa presenza en tantas iniciativas, o seu respaldo a tantas causas.



Isaac, en suma, é un traballador incansable, un muiñeiro sempre a moer a mellor fariña da súa terra. Un home que fala, pero tamén un home que fai. E o respecto e a admiración que a sociedade galega sinte por el ten aí as súas raíces e o seu fundamento.

Isaac Díaz Pardo. Artista, empresario, editor, escritor, polemista, activista da cultura e da memoria, sempre innovador.

Sobrepasaría moito os límites horarios deste acto levar a cabo un relato fiel e minucioso da infatigable e fecundísima andaina laboral e vital de *Isaac*. Pero aínda a risco de resultar inxustamente selectivo, quero salientar e determe sequera brevemente nalgunhas das devanditas facianas.

Quero falar do creador das *Cerámicas do Castro* e do refundador e recuperador de *Sargadelos*, do Díaz Pardo industrial, do galeguista e do utopista que xa hai máis de cincuenta anos era consciente da importancia da investigación, da tecnoloxía, da innovación e da comunicación.

Do home que, despois dunha moi brillante etapa como pintor, foi capaz de marcar decisivamente, a través da creación do Laboratorio de Formas, a imaxe da Galicia moderna, de revalorizar a tradición propia e convertela nun foco irradiador de modernidade, de sinalarlle ao país un camiño, un procedemento para a recuperación dunha identidade cultural deturpada.

E, inevitable e gozosamente, ao falarmos do Laboratorio de Formas xurde coma un xigante o nome e a figura de Luís Seoane.

E canda el os nomes e as figuras de moitos outros trasterrados.

“*Díaz Pardo* trouxo de novo á terra o alento de homes tan importantes como Lois Tobío a quen se debe o primeiro anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia e o artellamento xurídico do Consello de Galiza que presidiu Castelao. Tamén o de Luis Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Blanco Amor, Antonio Baltar, Núñez Búa, Alberto Vilanova, Arturo Cuadrado, Laxeiro, e ise que afortunadamente vive entre nós: Neira Vilas”.

Son os nomes e as figuras dos exiliados, de tantas e tantas intelixencias de primeira orde que Galicia foi perdendo polos camiños dunha historia desgraciada. Dende o seu contacto con eles, na Arxentina dos anos 50, *Isaac* converteuse no seu mellor valedor, no tenaz e incansable tecedor da súa memoria.

E topámonos aquí con outra palabra clave no devalar de *Isaac*. A memoria.

Unha memoria que non é vingativa, que non se apoia no rancor nin pretende que o desquite poida ser nunca a terapia axeitada para curar as feridas dun pasado terrible que el mesmo sufriu.



A memoria de *Isaac* non nos fala de vinganza, de rancor nin de desquites. Fálanos doutras cousas, oriéntase nunha dirección distinta.

A memoria de Isaac é un instrumento para a dignidade, unha chamada á reparación e á superación da amnesia colectiva. Pero, sobre todo, unha invitación á reflexión sobre o mal, sobre o que non pode ser, sobre o que nunca máis debe volver ocorrer.

A súa é, polo tanto, memoria de futuro e para o futuro. Memoria que se pon á disposición da construción dunha sociedade máis digna, máis consciente e responsable; máis democrática, tolerante e pacífica.

Identidade e memoria. Velaí as dúas grandes sínteses, as dúas grandes ideas sobre as que repousa a obra toda de Isaac *Díaz Pardo*. E, no caso de *Isaac*, dicir identidade e memoria permítenos facer unha translación conceptual que asimila identidade con Galicia e memoria con cultura.

Unha Galicia e unha cultura á vez concretas e utópicas. A Galicia de *Isaac* non é unha entidade abstracta, non é unha entelequia que só sirva para alimentar prácticas retóricas. A Galicia de *Isaac* é moi real e está constituída pola súa terra, o seu pobo e a súa historia, por tres realidades visibles e tanxibles.

Pero é tamén unha Galicia utópica porque *Isaac* nunca se conformará co existente e a súa visión do país estará sempre tensionada pola necesidade de cualificar a democracia, de afondar no autogoberno, de acadar cotas máis altas de liberdade, de xustiza e de solidariedade.

E o mesmo ocorre coa cultura, que na óptica de *Isaac* debe ser memoria viva e necesaria, tradición actualizada e proxectada cara á modernidade.

Xa citei as *Cerámicas do Castro*, *Sargadelos* e o *Laboratorio de Formas de Galicia*. Quero agora citar tamén *Edicións do Castro*, *Instituto Galego da Información*, *Museo Carlos Maside de Arte Contemporánea*, *Seminario de Estudos Galegos*, *Biblioteca del Exilio*, *Laboratorio Xeolóxico de Laxe*. E tamén *Ediciones de El Ruedo Ibérico*, que moitos aínda recordamos con paixón e gratitude xuvenís e no que *Isaac* –agora vaise sabendo todo– tanto tivo que ver.

As realizacións que acabo de mencionar tiveron en *Isaac Díaz Pardo* o seu soporte espiritual, ideativo e financeiro. Todas elas forman parte dun extraordinario legado do que Galicia, esa Galicia que quere a *Isaac*, se sente lexitimamente orgullosa.

Hoxe, querido e admirado *Isaac*, facémosche entrega da *Medalla de Ouro* de Galicia polos teus méritos, por unha vida enteira dedicada á creación de cultura, de identidade, de ideas, de prosperidade. E permíteme que che exprese o meu desexo persoal de que nunca lle falten a Galicia homes coma ti, inconformistas, críticos, capaces de combinar nas doses axeitadas razón e imaxinación, realismo e utopía.



Galicia, *Isaac*, necesita de moitos homes e mulleres coma ti.

Nada máis. Moitas grazas.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA